

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 30/01/2019, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE
José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE
Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero

SECRETARIO
José Ramón Lema Fuentes

NON ASISTE
Teresa Fernández Martínez
(Con excusa)

ASUNTOS

- 1º.- **Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-**
- 2º.- **Actos edificación e uso do Solo.-**
- 3º.- **Expedientes solicitudes Subvencións 2019.-**
- 4º.- **Asuntos varios.-**

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:00** horas do día **30/01/2019** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión extraordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 16 de Xaneiro de 2019 é aprobada por unanimidade dos asistentes. -

2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

OBRAS MAIORES

Visto o informe emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro desta Corporación con data 23/01/2019 en relación coa licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno con data o 22/11/2018 a nome dos

promotores MARÍA VANESA DOMÍNGUEZ CAAMAÑO e SERGIO SANTOS LOBELOS, veciños de Fisterra, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Aprobar o Proxecto de Execución presentado por MARÍA VANESA DOMÍNGUEZ CAAMAÑO e SERGIO SANTOS LOBELOS, para proceder á Construción dunha Vivenda Unifamiliar Illada de planta baixa, a emprazar nunha parcela (A) con Referencia Catastral 15038A502011320000DH sita na localidade de San Martiño de Abaixo deste Termo Municipal redactado polo Arquitecto Xoán B. Alborés Tajés con visado de data 26 de Decembro de 2018 que consta no expediente ó cal deberá axustarse plenamente, cumprindo con todas as condicións e normas que foron impostas no seu día na licenza urbanística outorgada.--

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

2) Notificar este acordo ó promotor para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.-

COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de LEONCIO MARTÍNEZ MARTÍNEZ, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 2.724 e 3.045 de 26/09/2018 e 30/10/2018 respectivamente) para proceder á realización de obras consistentes na ampliación dunha conducción de auga existente nun pozo da súa propiedade con apertura de vía pública de 60 metros e con destino a unha vivenda (Referencia Catastral 001401700MH75F0001ZL).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 23 de Xaneiro de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JOSÉ MANUEL LAGO FERNÁNDEZ, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.845 de 29/06/2018) para proceder á realización de obras consistentes na substitución

da porta principal, escaparate en madeira, instalación de persianas inox en planta baixa e substitución de portas balcaneiras por outras novas de dúas follas en madeira-cristal, nunha edificación (Referencia Catastral 8609118MH7580N0001AT).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 23 de Xaneiro de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; debendo axustarse na súa totalidade ás condicións impostas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia en Informe de data 4/01/2019 que consta no expediente .--

Todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de RAMÓN MARCOTE BOULLOSA, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 127 de 15/01/2019) para proceder á realización de obras consistentes na construción dun peche con bloques de formigón de 80 cm e 1 metro de malla nunha lonxitude de 46 metros e altura de 1,8 metros a emprazar na parte traseira dunha parcela (Referencia Catastral 8003506MH7580S0001PD).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 22 de Xaneiro de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; condicionada a que ós bloques de formigón que forman a parte opaca do muro, sexan enfoscados e pintados en cor clara.-

Todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de CÁNDIDO CANOSA CASTRO, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 3.057 de 30/10/2018) para proceder á realización de obras consistentes no mantemento da cuberta actual substituindo as tellas vellas por outras novas das mesmas

características, nunha edificación (Referencia Catastral 15038A503003660000DY).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 22 de Xaneiro de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; condicionada a que en ditas obras non se poderán incluír modificacións da forma do tellado, apertura de ocoso, construción de chimeneas nin modificación da solución dos beiris introducindo cornixas, voos etc.-

Todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

TRANSMISIBILIDADE DE LICENZA

Á vista da comunicación escrita efectuada por parte de Amable López Lago, veciña de Fisterra, co Rexistro Xeral de Entrada 3604 de data 31 de Decembro de 2018 sobre Transmisibilidade da Licenza outorgada a SOCIEDAD DOBLE ELE S.L., mediante Resolución da Alcaldía de 1 Febreiro 1989 coa finalidade de exercer a Actividade de CAFE BAR ESPECIAL A (CANTANTE) no Baixo dun edificio, en favor de A FONTE PEQUENA S.L.

A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co previsto no Artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Entender Transmitida dita Licenza de Actividade en favor da Empresa A FONTE PEQUENA S.L., con CIF B70542329 e domicilio social na rúa Santa Catalina, 39 desta Vila aos efectos do disposto no Artigo 13 do Decreto de 17 de Xuño de 1.955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.-

2) Notificar dito acordo á citada Empresa para o seu coñecemento e demais efectos.-

3º.- Expedientes solicitudes Subvencións 2019.-

A) Subvención Xunta de Galicia Axudas Fomento Emprego ano 2019.--

-Á vista da Orde de 12 de Decembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais publicada no Diario Oficial de Galicia número 6 de data 9 de Xaneiro de 2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Aprobar o Proxecto redactado para prestación do seguinte Servizo Público Municipal:

NÚMERO	DENOMINACIÓN	IMPORTE	PERÍODO
4	Socorristas de praia	20.242,80 €	3 meses

2) Solicitar da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, unha Subvención por importe de Dezaoto mil euros (18.000,00 €) para financia-los soldos e cotas á Seguridade Social do persoal desempleado.--

3) Compromiso firme de aportación municipal por un importe de Dous mil douscentos corenta e dous euros con oitenta céntimos (2.242,80 €).-

B) Subvención contratación Persoas Exclusión Social ano 2019.-

-Á vista da Orde do 12 de Decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) publicada no Diario Oficial de Galicia número 6 de data 9 de Xaneiro de 2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Solicitar da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, unha Subvención por importe de Quince mil cento noventa e dous euros con cincuenta e dous céntimos (15.192,52 €) para financia-los soldos e cotas á Seguridade Social do persoal beneficiario equivalente o 100% dos servizos que se indican e cunha xornada do 75 %:

Número	DENOMINACIÓN	IMPORTE	PERÍODO
2	Grupo Apoio a Servizos Múltiples	15.192,52 €	7 meses

2) Remitir certificación deste acordo a citada Conselleria xunto coa documentación prevista no Artigo 5.5 da citada Orde.-

C) Subvención Xunta de Galicia Axentes de Turismo.-

Vista a Resolución do 26 de Decembro de 2018 dictada pola Axencia Turismo de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xodestinos de Galicia para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro de 2019, publicada no Diario Oficial de Galicia número 15 de 22 de xaneiro de 2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Solicitar da Axencia Turismo de Galicia, unha subvención polo importe de Cinco mil dosucientos euros (5.200,00 €) para financiar persoal con destino ás Oficinas de Turismo dentro do Termo Municipal de Fisterra durante o periodo comprendido entre o día 15 de Xuño ó 14 de Setembro de 2019 cun gasto total previsto de contratación que ascende a cantidade de Dez mil cento setenta e seis euros con trinta e seis céntimos (10.176,36 €).

O número de traballadores/as a contratar será dun total de dous, en réxime eventual laboral dado que este servizo está considerado de carácter esencial pola finalidade a que se dirixe e cunhas retribucións salariais brutas previstas, en equiparación, dentro do Convenio Colectivo vixente aplicable a este persoal que consta no expediente.--

2) Financiar ás partidas orzamentarias que non resulten subvencionadas ao abeiro da citada Resolución e os/as traballadores/as a contratar terán algunha das titulacións establecidas no Artigo 1 das Bases Reguladoras da mesma.-

3) Remitase certificación deste acordo a citada Axencia acompañada da documentación a que se fai referencia no Artigo 4.5 da citada Resolución.-

D) Subvención Xunta de Galicia Fondo de Compesación Ambiental ano 2019

A vista da Orde do 17 de Decembro de 2018 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de Subvencións da liña en cocorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compesación Ambiental para o ano 2019 destinadas a entidades locais de Galicia, publicada por parte de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicada no Diario Oficial de Galicia número 248 de data 31 de Decembro de 2018,

A Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda Ratificar a Resolución dictada pola Alcaldía con data 28 de Xaneiro de 2019 co seguinte contido:

1) Aprobar a Memoria explicativa para levar a cabo o mantemento das Estacións Depuradoras de Augas Residuais e rede de colectores municipais nun custe total de Dezanove mil oitocentos catro euros con noventa e oito

céntimos (19.804,98 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido durante o primeiro trimestre de 2019.-

2) Solicitar da Vicepresidencia, unha Subvención polo importe de Quince mil oitocentos corenta e tres euros con noventa e oito céntimos (15.843,98 €) equivalente o 80% dos gastos totais.-

3) Compromiso de aportación municipal polo importe de Tres mil novecentos sesenta euros con noventa e seis céntimos (3.960,96 €) con cargo o Presuposto Ordinario actualmente prorrogado.--

E) Subvención contratación Aprol Rural ano 2019.-

-Á vista da Orde do 12 de Decembro de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego no medio rural (Aprol Rural) publicada no Diario Oficial de Galicia número 2 de data 3 de Xaneiro de 2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Solicitar da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, unha Subvención por importe de Cincuenta mil novecentos dezaseis euros con sesenta céntimos (50.916,60 €) para financia-los soldos e cotas á Seguridade Social do persoal beneficiario dos servizos que se indican a unha xornada do 100 %:

Número	DENOMINACIÓN	IMPORTE	PERÍODO
4	Peóns Forestais	52.176,60 €	9 meses

2) Remitir certificación deste acordo a citada Conselleria xunto coa documentación prevista no Artigo 8.1 da citada Orde.-

F) Subvención Xunta de Galicia Mellora de Infraestructuras ano 2019

A vista da Orde do 18 de Decembro de 2018 pola que establecen as bases reguladoras e se convoca Subvención para creación e/ou mellora das infraestructuras, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a Concellos de Galicia para o ano 2019, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida publicada por parte de Vicepresidencia e Conselleria de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicada no Diario Oficial de Galicia número 248 de data 31 de Decembro de 2018,

A Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda Ratificar a Resolución dictada pola Alcaldía con data 29 de Xaneiro de 2019 co seguinte contido:

1) Aprobar o Proxecto denominado "Pavimentación do viario na zona rural do municipio "Ermedesuxo de Arriba - San Martiño de Arriba e Mallas - Vigo " cun orzamento total de Corenta e cinco mil oitocentos corenta e un euros con cincuenta e cinco céntimos (45.841,55 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido redactado polo Arquitecto Alfonso Botana Castelo de data 25 de Xanerio de 2019 que ven prestando servizos nesta Corporación dentro do Departamento de Urbanismo.-

2) Solicitar da Vicepresidencia, unha Subvención polo importe de Trinta e seis mil seiscientos setenta e tres euros con vinte e catro céntimos (36.673,24 €).--

3) Compromiso de aportación municipal polo importe de Nove mil cento sesenta e oito euros con trinta e un céntimos (9.168,31 €) con cargo o Presuposto Ordinario prorrogado para o ano 2019.--

G) Subvención Diputación Técnicos de Turismo ano 2019

Visto Programa de Subvencións dirixido a Concellos e Agrupacións de Concellos da Provincia de A Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos de persoal das Oficinas de Turismo durante o exercicio 2019 publicada no Boletín Oficial da Provincia número 6 de 9 de Xaneiro de 2019 a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Solicitar da Excma Diputación Provincial (Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego) unha Subvención polo importe de Dezanove mil oitocentos cincuenta e dous euros con oito céntimos (19.852,08 €) para financiar persoal con destino ás Oficinas de Turismo dentro do Termo Municipal de Fisterra en xornada completa e durante o periodo de seis meses.-

O número de traballadores/as a contratar será dun total de Dous en réxime eventual laboral dado que este servizo está considerado de carácter esencial pola finalidade a quen se dirixe por estar Declarado este Concello como Municipio Turístico Galego, cunha retribucións salariais brutas en equiparación dentro do Convenio Colectivo vixente aplicable e aprobado polo Pleno da Corporación.-

2) Remítase certificación deste acordo ó citado Organismo Provincial acompañada da documentación a que se fai referencia no Artigo 7.2 das Bases Específicas previstas para este Programa.-

H) SUBVENCIÓN SERVIZOS SOCIAIS DIPUTACIÓN PROVINCIAL

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Aceptar as Bases da Convocatoria do Programa de Financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2019, así como os compromisos e obrigas que nela se inclúen.-

2) Adherirse ao Programa antes referido de acordo coas contías xerais previstas na Base 12 do mesmo e co financiamento que se indica no cadro de orzamento que se indica:

Módulo I

Auxiliar Administrativo
Persoal Laboral.-
Xornada Completa.-
Orzamento: 18.687,54 €
Achega Diputación: 18.000,00 €.-
Achega Municipal: 687,54 €.-

Módulo III

Educadora Familiar
Persoal Laboral.-
Xornada 80 %.-
Orzamento: 22.667,68 €
Achega Diputación :22.667,68 €.-
Achega Municipal: 687,54 €.-

Módulo IV

Axuda Domicilio libre Concurrencia.-
Persoal Laboral.-
Importe solicitado: 30.888,00 €.-
incremento de Horas: 1.260

4º.- Asuntos varios.-

Aprobación definitiva Padrón Fiscal Recollida de residuos sólidos urbanos ano 2019.

Examinado o expediente do Padrón Municipal da taxa por recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos de 2019.

Resultando, que o anuncio da aprobación inicial a efectos de reclamacións e con carácter de notificación colectiva (Art. 124.3 da Lei 230/63 de 28 de decembro) foi exposto ó público no BOP número 241 de 19/12/2018 e Taboleiro de anuncios da Casa do Concello durante o período comprendido entre o 20/12/2018 ó 21/01/2019 ambos incluídos e que transcurrido dito prazo non foron presentadas reclamacións.-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda Aprobar Definitivamente o Padrón Fiscal pola taxa por Recollida Domiciliaria de Residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos do ano 2019, para o seu cobro en período semestral nun importe total de “Cento cincuenta e sete mil oitocentos oitenta e tres euros con oitenta e sete céntimos (157.883,87€) ”.

AXUDAS ECONÓMICAS

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a **P. E. P.**, veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Cento noventa e catro euros (194,00 €) para afrontar gastos de óptica, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a **J. G. G.**, veciño de Fisterra, unha axuda polo importe de Cento sesenta e catro euros con noventa e seus céntimos (164,96 €) coa finalidade de arranxo cristais porta de súa vivenda ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

Dito importe efectuarase directamente a Empresa que realice os traballos, previa presentación da factura correspondente.-

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda adquirir para os menores **N. e I.** o material escolar necesario para cursar os seus estudos de Educación Primaria no Colexio Mar de Fora por un importe de Douscentos dezanove euros con vinte e dous céntimos, por carecer de medios económicos.-

Dito importe efectuarase directamente á Librería Agarimo, propiedade de Sonia Domínguez Marcote, previa presentación da factura correspondente.-

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a **J. M. L. H.**, veciño de Fisterra, unha axuda polo importe de Douscentos euros (200,00 €) para afrontar gastos de primeira necesidade, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

TARXETA DE ESTACIONAMENTO

-Á vista do informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a **E. C. S.**, veciño de Fisterra, a tarxeta de estacionamento para minusválidos cun período de validez de DEZ ANOS por ter dificultades de

mobilidade según resolución de recoñecemento do grado de discapacidade expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia en expediente BS611A 2018/4402.--

-Á vista do informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a D. D. C., veciña de Fisterra, a tarxeta de estacionamento para minusválidos cun período de validez ata 7 de Xaneiro de 2024 por ter dificultades de mobilidade según Valoración efectuada pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia de data 7 de Xaneiro de 2018.--

*** VENDA AMBULANTE**

- RECUPERACION DE POSTOS**
- 9 POSTOS**
- LISTA DE ESPERA**

A) Visto o escrito presentado co número ENTRADA 455 / RX 102731 de 17/01/2019 do Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (Rexistro da Secretaría Xeral de Emprego - Santiago de Compostela), por **Amparo Navarro Dual**, no que solicita un posto na venda ambulante para adicarse á venda de produto textil.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º Incliula na lista de espera da venda ambulante deste concello, co número 94, para adicarse á venda de produto textil.

2º Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer

*** VADOS PERMANENTES**

- BAIXAS 2019

A) Visto o escrito presentado co número 3596 (RE) de 28/12/2018, por **Juan José Martínez Coo**, no que solicita a baixa do vado permanente número 2/2006, chapa número 055, que se localiza na rúa Navegante desta vila, xa que se trasladou para a rua voluntariado desta vila.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º Acceder ao solicitado por Juan José Martínez Coo, e dar de baixa no padrón de vados permanentes correspondente ao ano 2019, ao vado permanente número 2/2006 (chapa 055).

2º Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer

* ACTIVIDADES CLASIFICADAS

- APERTURA

A) Visto o expediente iniciado co número 2754 (RE) de 28/09/2018 por **SEMPRE FISTERRA, S.L.U.**, con CIF: B-70.481.841 e domicilio na rúa Real, 42 desta vila, no que presenta comunicación previa de actividade de “establecemento hoteleiro 1*” que se localiza na rúa Real, 42 desta vila.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta certificado final de obra de rehabilitación de edificación para establecemento hoteleiro asinado con data 24/09/2018 polo Director da execución da obra Basilio Canosa Díaz e polo Director de obra Domingo Esperante Otero.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta informe favorable emitido o día 16/01/2019, polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación Alfonso Botana Castelo.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder acordo de eficacia á comunicación previa de apertura de actividade presentada por SEMPREFISTERRA, S.L.U., con CIF: B-70.481.841 para o inicio da actividade de “establecemento hoteleiro 1*” que se localiza na rúa Real, 42 desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

-TRANSMISIÓN DE LICENZA DE APERTURA

A) Visto o expediente iniciado co número 2705 (RE) de 24/9/2018 por **Luís María José Castiñeira Insua**, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de apertura de “comercio menor de semillas, abonos, flores, prantas” que se localiza no baixo da edificación da rúa Arasolis, 21 desta vila.

CONSIDERANDO: Que o pasado 20/01/2005, a Xunta de Goberno Local concedíulle a Rosa Traba Pazos, licenza definitiva de apertura de “comercio menor de flores” que se localiza no baixo da rúa Arasolis, 21 desta vila.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre Rosa Traba Pazos e Luís María José Castiñeira Insua.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder a transmisión da licenza de apertura de “comercio menor de semillas, abonos, flores, prantas” que se localiza no baixo da rúa Arasolis, 21 desta vila, a favor de LUIS MARIA JOSE CASTIÑEIRA INSUA.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) Visto o expediente iniciado co número 150 (RE) de 17/1/2019 por **Manuel Agapito Mendoza Canosa**, en nome e representación de MENDOZA COUSINS, S.C., con CIF: J-70.575.055 e domicilio social no baixo do Paseo de Calafigueira, 1 desta vila, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de apertura de “café bar” que se localiza no baixo da edificación do Paseo de Calafigueira, 1 desta vila.

CONSIDERANDO: Que o pasado 25/02/2016, a Xunta de Goberno Local concedíulle a Manuel Jesús Domínguez Buiturón, licenza definitiva de apertura de “café bar” que se localiza no baixo da rúa o Paseo de Calafigueira, 1 desta vila.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre Manuel Jesús Domínguez Buiturón e Manuel Agapito Mendoza Canosa.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder a transmisión da licenza de apertura de café bar que se localiza no baixo da edificación do Paseo de Calafigueira, 1 desta vila, a favor de MENDOZA COUSINS, S.C., con CIF: J-70.575.055.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 21:40 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario , dou fe.